

UGT PRESENTA RECURSO DE REPOSICIÓN POLA ELIMINACIÓN DAS PRAZAS DOS PROCESOS SELECTIVOS DE EMISORISTA-VIXILANTE/A FIXO/A E CONDUTOR DE MOTOBOMBA

Santiago de Compostela 07/03/2023

UGT ven de presentar no día de hoxe un **recurso de revisión** sobre a **Resolución de 6 de febreiro de 2023** pola que se modifican as resolucións de 22 de decembro de 2022, que convocan os **procesos selectivos extraordinarios** de estabilización derivados de la Lei 20/2021, cuxo obxecto é a modificación da Resolución de convocatoria dos corpos do subgrupo C2, e que determina a **eliminación, das especialidades de emisorista/vixilante/a fixo/a e de bombeiro/a forestal-condutor/a motobomba**.

UGT considera que tal modificación é **contraria a dereito**. Estamos en **presenza de prazas** que a propia **Dirección Xeral identifica** con todos os datos a través da publicación na súa **web**, e que **cumpren todos os requisitos establecidos na Lei 20/2021** para ser incluídas na oferta de emprego e se proceda á selección segundo o sistema que corresponde.

A **Lei 20/2021 constitúe un auténtico mandato imperativo do lexislador** dirixido ás Administracións públicas en orde á articulación de ofertas de emprego público e convocatoria de procesos selectivos con determinadas especialidades e con unha finalidade clara, concreta e determinada no tempo, cal é a de situar a taxa de temporalidade por debaixo do 8%. E o cumprimento de tal finalidade atópase incardinado, e reforzado no seu nivel de esixencia, polo cumprimento dos obxectivos establecidos no compoñente 11 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia presentado polo Goberno de España e avaliado positivamente pola Comisión Europea.

Pero xera, ademais, un auténtico **dereito subxectivo para aquelas persoas con vinculacións temporais excepcionalmente largas** e tan habitualmente censuradas en multitude de resolucións xudiciais ditadas a todos os niveis e, moi singularmente, provenientes do TJCE, catalogadas de auténticos abusos da contratación temporal por parte das Administracións públicas. No se escapa, e así o expresa con toda claridade a propia Lei 20/2021, que **se trata de un proceso extraordinario que delinea, de forma excepcional e por unha soa vez uns sistemas excepcionais de acceso tendentes a paliar e, en certa medida, a compensar o mencionado abuso que, ao fin, afecta a persoas concretas e determinadas**.

UGT xa dicía, no ano cando se aprobou as **OPEs dos anos 16 e 17**, que eran **incorrectas**, que se estaban a **convocar máis prazas das que en realidade existían**. Chegados á negociación da estabilización, eramos conscientes da problemática, pero **tanto a OPE, como as Resolucións de convocatoria entendíamos que a administración tiña buscada a solución** ao problema de **falta de prazas**. Visto o resultado **UGT propón solucións**, busca que non sexan as persoas que xeran o dereito de ocupación de prazas as afectadas por unha mala xestión das ofertas, **seguimos e seguiremos aportando solucións**, como **primeiro paso a Consellería de Facenda e AP debe admitir o recurso de revisión. EN NINGÚN CASO AS PERSOAS PODEN SER AS QUE PAGUEN UNHA PEAXE SOBRE A XESTIÓN INCORRECTA**.

